

**Adianto da novela de Xavier Queipo, ‘Corazón de Manteiga’, que sairá publicada na Editorial Galaxia en Outubro 2020.**

### **UNHA ESTRELA NA FRONTE<sup>1</sup>**

Era nese intre máxico cando a tarde se volve serán, cando o sol baixa cara á liña do horizonte e dá nos ollos antes de se ocultar por tras das montañas que delimitan o val da Maía. Era nese intre máxico cando a veiga do Sar verte no Ulla e, daquela, no solpor, semella imitar o curso baixo do Mekong, co baile de sombras entre as fragas da outra banda do río, o curuxar das aves nocturnas e o voo de aparencia errática dos morcegos fruxívoros, os grilos co seu canto sincopado delimitando espazos sonoros e os vagalumes trazando fronteiras de luz intermitentes.

Era verán, lembraba eu agora, mais antes de chegado agosto, sen dúbida, porque días despois acontecera o paseo nocturno polo campo da festa do Cristo da Luz, que sempre cae no primeiro domingo de agosto. Eu xogara a erguer as saias das curmás e a corricar entre as parellas de namorados, para me perder ao pé do palco da música. A orquestra debullaba un mambo perezpradiano, de alegría caribe e raíces ancoradas no trópico, de liberación nos rostros das mozas casadeiras, de angustia percibida nas faces adustas das mulleres vestidas de negro, orfas para sempre de ledicia, mergulladas nun mar de tristura infinda e ausencia de horizontes.

Lembrábo perfectamente. Coma se fose hoxe. Coma se estivese acontecendo agora, diante dos meus ollos entornados. Coma se cada instante vivido ficase dalgún xeito codificado, ancorado nos labirintos eléctricos da memoria, prodixio de química e sinapses.

Pasara xa esa hora mol da sesta, na que unhas tías-avoas prenderan na reviravolta dos soños para debullar, máis unha vez, fábulas e relatos de animais que falaban e aforraban, que gustaban de comer uvas ou que sabían tocar o violín; de príncipes encantados e princesas belísimas, durmidas por acción dun bebedizo ou dunha mazá empezoñada por unha meiga engurrada e feísima; de unicornios branquísimos con ás nos costados e pupilas arxénteas; dun rei que tiña tres fillos, os que avaliaba nunha proba singular na procura dun herdeiro digno do trono; de illas que se desprazaban flutuando na superficie do océano inmenso, que aparecían e desaparecían das cartas mariñas e dos atlas de xeografía; dun gato con botas ou dun mono gramático e habelencioso, que construía frases aliteradas en linguas antigas e moitas veces intercambiábeis; dun ogro con voz rouca de trebón; de xenios que xurdían de lámpadas de óleo ou dragóns que asolaban países enteiros e esixían trabucos pagados en doncelas.

Acordei unha chisca atordado e confuso, coma case sempre logo da sesta alterada polos soños, nos que se mesturaban enxurradas de imaxes que galgaban unhas encol das outras, que me desacougaban e facían que acordase suando, tremendo co pánico ou consumido por unha angueira, que medraba dendrítica.

---

<sup>1</sup> Correspondentes ás páxinas 17-27 das probas de edición.

Os meus irmáns, que me ignoraban, fóranse bañar no río co seu fato de amigos e aínda non regresaran dos seus xogos e pendencias. Deixáranme só, mergullado nos meus soños de rapaz fabulador que sempre quería ser outro, nas lecturas e nos xogos, nos experimentos de resistencia coas formigas, que pretendía anfibias; cos escaravellos, os que mollaba con tinta os artellos ganchudos para que trazasen así nunha folla de papel de arroz o seu rumbo de cadencia sinusoidal; coas moscas domésticas, ás que arrincaba unha á, para que se movesen en círculo ou en espiral, impedidas de levantar o voo no seu esforzo centrípeto, na súa ansia rotacional de insectos semoventes, no seu pavor reactivo nun mundo para elas virado do revés.

Os meus maiores estaban na horta, con certeza, lavando a roupa no pío ou recollendo mazás reinetas para logo fabricar sidra nas mesmas perfías que no outono usarían para o bagazo, ou se cadra debullando millo coa axuda dunha máquina decimonónica de ferro fundido, que engulía mazarocas e regurxitaba carozos e graos por condutos diferenciados. Os carozos servirían para prender o lume na lareira, e os graos para facer as papas millas dos almozos outonais e para alimentar as galiñas poñedoras, mais tamén para cocer a boroa no forno de leña, ideal para acompañar as sardiñas que se cadra mañá atracarían a bordo da furgoneta do peixe, que, tres días na semana, aparcaba na carballeira da outra banda da estrada. Dela xurdía unha mullerona enfundada en mil saias con pedrería de escamas —serea rianxeira— facendo soar unha buguina a xeito de corno de combate para asemblear a tribo, que de sempre gorentaba xardas e rapantes, escachos e xurelos, cariocas, tranchos e maragotas, para repetir unha transacción ancestral que remataría por se perder no devalar do tempo, na deriva dun mundo condenado á desaparición, como acontecía e acontecería con tantos costumes da tribo, abandonada a un mimetismo transmitido polas ondas, negador insidioso do pensamento libre, laminador eficaz de vontades e consciencias, construtor de miraxes de liberdade.

Do alboio da traseira da casa, que daba a unha horta inzada de misterios, chegaban feixes dunha luz difusa, de case agosto anubrado polas treboadas do serán, onde o cheiro ozónico precede sempre ao apoxeo brutal dos meteoros—lóstregos tentaculares de vocación dendrítica, trebóns asustadores de nenos e de virxes, follas entupindo as canles en enxurradas épicas—, de instantes que semellan deter o tempo, que anuncian un solpor adiantado polas nubes mestas que xa cobren o horizonte próximo cunha manta de negrura estarrecedora, anuncio certo de camiños enlamiados, de corgas mudadas en arrepións, de pucharcas nas que flutúan animais anfibios, de terra enchoupada en auga, que fai medrar fungos nas raiceiras das árbores froiteiras e que entupe as mentes e o ánimo desta xentiña triste, empobrecida en ausencias e miserenta de espírito.

Camiñaba eu polo corredor de madeira de piñeiro roxo que daba aos cuartos dos mortos, dos que non eran, dos que partiran para as Américas e xamais retornaran, daqueles nos que a tolemia prendera en desatino, daqueles outros que se ensumiran nunha avaricia de palabras e de signos, que precederan, de xeito irremediábel, ao tránsito final, dos que deixaran de ser—mágoa!— na flor da vida, quer aseteados pola tise na carcasa de titáns aínda magnífica, quer aínda trinchados polo medio pola espada flamíxera que lles partira o corazón, quer convertidos en inxusto albo da desorde que confluía, funestamente, nunha guerra

cruenta ou larvada, segundo a xeografía, insulto á razón e barbarie ética (se cadra as guerras son só iso, regresión evolutiva e trastorno da razón). Unha guerra que aínda se respiraba por todos os currunchos da casa, que agromaba en cada historia, en cada ollada, en cada xesto, nos silencios coma lousas, en cada negativa a falar, en cada insinuación axiña abortada polas olladas fulgurantes dos outros, en cada fotografía de tíos-avós con uniformes de requetés ou nos negativos agochados nos caixóns daqueles malpocados que tiveran menos sorte, que morreran no monte logo que algún membro da partida os traizoase nunha delación pactada cos poderosos, de libros enfardelados no faiado, forrados de papel azul para ocultar os títulos subversivos ou picantes, acumulando nos seus cantos teas de araña, vermes desecados e ovas de insectos oportunistas.

Eu ía camiñando devagar, como mergullado nunha nube, ao bordo dos tres chanzos que arredaban o corredor dos mortos da sala onde os vivos recibían as visitas, de alfombra inmensa e reloxo pendurado na parede, con números inintelixibles que co tempo me aprenderían que eran romanos, mais que entón consultaba con metodoloxía analóxica, de ángulo aproximado e asociación de ideas. O reloxo, que daba os cuartos, e as medias, e as horas, no seu movemento continuo e pausado, marcaba o ritmo dos xogos, das leccións de gramática inglesa e das horas sen número consumidas nos exercicios estivais de caligrafía, primeiro nos meus cadernos pautados onde ensaiar a letra redondiña, sucos onde introducir o cálamo ou o lapis de cores, o xiz na lousa ou a tinta nas follas soltas; logo xa o ensaio co pincel de crina de cabalo, que un tío me agasallara no día do meu santo patrón, como obsequio de luxo para o neno que por forza tiña que ser artista, pois levaba unha estrela na fronte e un brillo opaco na ollada; e finalmente os paseos alucinados polo atlas do avó carpinteiro, luxado polo uso e polo decantar dos soños de periplos e cabalgadas de varias xeracións, no que estaban marcados con trazos circulares de lapis a cores azul ou vermella: o val do Cauca e a illa Margarita, o estreito de Torres e as estepas rusas, a illa de Hokkaido e Mar del Plata, Pinar del Río e o lago de Maracaibo, construíndo así unha rede admirábel de policromías que convidaba á viaxe e estimulaba os soños. Lugares todos eles que tantas veces escoitara nomear durante as xuntanzas familiares, onde as conversas estaban infestadas de palabras traídas do alén mar (*titingó, chance, sancochado, jáibol, otario, parqueo, blumer, carnal, jабado...*), que eu, o neno Mauro, non escoitara en ningures a non ser na casa dos meus, estirpe diferenciada e autónoma, con lingua propia, ancorada nunha ideoloxía sincrética, na que estaban prohibidos os xogos de naipe e as palabras vulgares, a bebida destilada e os requintes na comida.

Aquela sala era para min campo de batalla, campo de xogos, campo do real e do irreal, do imaxinario e do cotián, con fiestras permanentemente abertas e contras de madeira de cerdeira pechadas tan só nas noites de vendaval. As fiestras da fachada daban vista ao emparrado de cepas centenarias, chantadas coma gonfalóns distintivos por algún antepasado ilustrado, únicas da estirpe no seu porte arbóreo, reptando cal cobras resacas polos arames dispostos en cuadrículas, fendidas polos raios e feridas por fungos que aniñaran na humidade omnipresente. Fiestras que se abrían tamén á carballeira da Porta dos Mariños, de acacias convertidas en praga invasora, de carballos lonxilíneos, mil e unha veces derramados para fornecer madeira para o lar dos máis pobres, que tiñan nos terreos baldíos única e magra despensa de landras e de leña. Aquel lugar de nome escuro para unha terra sen mar, que facía

pensar en tempos idos de navegacións e descubertas, no mal carencial que avultaba as enxivas e facía caer os dentes, de compases e de búscolas que, para o caso, a mesma cousa son, de ollos sen enfoque posíbel perdidos para sempre nos amplos horizontes oceánicos. En saíndo da sala os chanzos median o tránsito entre a casa dos mortos e a casa dos vivos, onde eu posuía a miña illa en forma de alfombra polícroma. Para me deitar e para xogar. Para imaxinar combates entre soldados federais, de fusil e casaca azul, de forte con cercado de madeira e carretas con cuberta de feltro formando en caravana, semellante ás dos filmes que os sábados pasaban nunha das dúas canles de televisión que existían; de indios semiespidos e fortísimos, de beleza singular e harmonía de formas, de ollos de aguia e beizos sensuais, de peitos coma lareiras e fermosas coletas de cabelo laso, de tipi e tomahawk, de cabalos sen montura e plumas na cabeza, nas tardes innúmeras a crerme David Crockett ou Xerónimo, Nube Gris ou o Xeneral Custer, Touro Sentado ou Daniel Boone, o Cabo Rusty ou o derradeiro dos Mohicanos. No primeiro tiven medo. Un medo que ía gardar para sempre nos arquivos da memoria, que ía acamar de xeito inconsciente nun recuncho perdido da codia cerebral, do que agromaría algún día, instantáneo e volátil, coma formiga voadora ou icneumon alimentado no carrabouxo dun carballo, precursor dun desasosego que duraba segundos, mais que agora me afundía nun aura estraña. En balde tratei de me suxeitar no corremáns, pois o apoio estaba moi afastado do centro para os meus brazos de neno prepúbere sen estigmas secundarios, de corpo modulábel e trazos arredondados, de equilibrio sutil que precede ao ataque anárquico das hormonas e dos ciclos, dos biorritmos mudados polo calcio administrado sen medida nun exceso de celo pediátrico, condenando a secuencia natural da medranza polas sínfises. Pechei os ollos abraiado pola luz, polo funil laranxa que de súpeto me atraía sen remedio. Fixen forza afincándome coas pernas, estricando as punteiras nun intento inútil de volver tocar o chan, de sentirme ancorado e estábel, de regresar á seguridade da madeira. Fixen forza cos brazos de neno raquítrico tratando de non desviar a vertical do corpo. Fiquei así, como Cristo pendurado no baleiro, sen cruz e sen desánimo, sen coroa de espiñas, sen peito alanceado nin esponxa con vinagre, sen ninguén con quen falar, sen Gólgota e sen diálogo transcendental na cerna da agonía, sen as sete palabras precursoras da rachadura do veo do templo. Quixen berrar, de puro arrepío ou de carraxe, que nesas idades se mesturan e entrelazan. Pechou a glote. Eu movía os beizos e a lingua, que paseaba ansioso pola oxiva do padal, tentando articular un son avisador de paxaro extraviado do sen niño, mais a gorxa non seguía os impulsos da vontade. Fiquei silente e calado coma un peto, cos ollos reflectindo o arrepío de quen se dá de conta de que xa non é dono dos movementos do seu corpo, que se sente elevar polos aires e non é quen de virar as forzas que o manexan. De improviso sentín unhas mans que con forza me suxeitaban polo van, que me facían ascender aínda máis até case tocar coas trabes do teito. Puiden ver así o po enriba da lámpada de doas de cristal, chantada coma un prisma de cuarzo xurdindo dunha rocha. Escoitei —por vez primeira— a couza traballando nas vigas descomunais —delirio de mandíbulas e artellos, de exércitos acoirazados de cabaleiros con helmo e armadura, avanzando polas entrañas labirínticas da madeira—, o paso áxil dunha araña que corría até o centro da súa tea, chamada por un cínfano que viña de caer atrapado no engado pegañento. Vina implacábel no seu labor sistemático, tecendo arredor da presa un envurullo de seda viscosa, suxeitándoa coas patas dianteiras, cravándolle os quelíceros serrados, xusto na liña tenue, case imperceptíbel, que separa a cabeza do tórax. Percibín, coma nunca antes, a luz do

sol delimitando espazos e trazando polígonos de claridade, de penumbra, de negrura, entrando en feixe compacto polas fiestras.

Deixei de sentir vertixe e arrepío. Experimentei unha placidez enorme que o asolagaba todo, que o tocaba todo, que facía deter as agullas do reloxo de parede, agora co péndulo suspenso no medio do seu ciclo harmónico. O tempo callado coma a tona do leite. O tempo conxelado coma agullas de xeo. O tempo onde todo se confundía nunha poeira azul, que precedía a unha comechón nas pálpebras, a un pulso acelerado nas tempas e nas veas do colo. De socato o corazón perdeu un latexo, que ficou pendurado no nada. Foi o aviso para que os ollos recuperasen a visión, antes imprecisa, abrindo espazo ao branco para que a lingua levase áncoras do padal, para que a enerxía mudase de rumbo. Devagar fun descendendo axudado polas mesmas mans que me sostiveran cando no aire. Estriquei as pernas e, de seguida, fun quen de tocar o chan. Pechei os ollos e sentínme estraño, canso coma nunca antes me sentira e trastornado nas miñas percepcións visuais, unha especie de vermes e burbullas diante dos meus ollos de neno espantadizo. Fiquei así un tempo indeterminado, recompoñendo o meu mundo e tratando de falar, de liberar un berro ou salmodiar unha xaculatoria inventada para a ocasión, protectora de todo mal. Por vez primeira se cadra, de xeito consciente, sentín a culpa, ese abismo que se abría aos meus pés: sentíame punido polos pensamentos recorrentes, polos xuramentos, polas accións impropias, polas omisións inconscientes. Pensamento, palabra, obra e omisión, todas as formas de pecado no meu coñecemento inxenuo da realidade do mundo. Non me respondían as pernas, que sentía inchadas polos formigos. Os brazos tampouco, endurecidos no tránsito. Tremía coma un vimbio á mercé do vendaval. A cabeza dábame voltas e non era quen de fixar a vista en ningún obxecto concreto. Todo arredor de min semellaba esvaecer nun fluído de corpúsculos, movéndose errático entre os varios feixes de luz. Xa non escoitaba a couza. Xa non era quen de ver a araña cazadora, que fuxira cara a un curruncho arborando o seu trofeo, aínda palpitante, para se dar un festín de linfa azul e peito acoirazado. Xa nada era nin sería como viña de ser. Eu tampouco. Eu menos que nada. Alí parado, inmóbil, anquilosado e fráxil, cegado por unha luz interior e invasora, que me ensumía nunha tristura aceda.

O reloxo de parede ceibou unha badalada que anunciaba os cuartos, marcando unha fractura no tempo ou unha falla tectónica na miña vida. Nunca sería o mesmo. Asaltoume o terror, un arrepío inmenso que me ourizaba a peluxe dos brazos e secaba os meus beizos. Por vez primeira na miña vida sentín a presenza da propia morte, a súa proximidade, a súa chegada inminente. Acúfenos e fotopsias. Frío e calor. Formigos e levidade. Nubes de lagostas e coitelos de obsidiana. Vin tamén, cos ollos abertos polo abraio, os meus poucos anos pasando a gran velocidade: a bisavoa remexendo no sangue da matanza, os primeiros días de aulas de primaria, mandilón azul e carteira de coiro cos libros e a merenda, cos lapis de cores e os secantes para a tinta, o medo aos morcegos que saían na noite do seu refuxio no hórreo da casa matriz, as tardes sen contar cando a chuvia martelaba os vidros das fiestras, os pesadelos nocturnos, os días nos que o meu pai me montaba enriba dos seus ombros de home feito para me introducir na auga do mar, os contos de mouras e de bruxas, o sabor a coco relado e a chocolate acabado de facer, o son da radio omnipresente cada tarde ao regresar da escola... Ao mesmo tempo, ao unísono, *simultaneously*.

De a pouco, confundido aínda, fun regresando á normalidade. Fun quen de falar. Falei serenamente, dirixíndome ao meu anxo da garda, co que adoitaba manter longas conversas nas que discutiamos sen fronteiras todas as incidencias do día. Expliquei o suceso punto por punto —coma se ese mesmo anxo non fose o que estivera presente suxeitándome polo van— dende a confusión inicial até a sensación de benestar impreciso, non eludindo describir as variadas sensacións que percibira. Fixen algunha pregunta e conformeime axiña co silencio do meu correspondente, no que quixen ver un igual, un non-adulto, alguén que non tiña unha resposta para cada cousa, non coma os meus maiores, que tantas veces respondían con tautoloxías.